

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO** segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 nai/pai**, dun total de 2 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elexibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as o día 18 de novembro, ás 9.30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e catro nais/pais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á Presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento da E.E.I. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- As votacións realizaranse nesta E.E.I o día 23 de novembro de 12.15 horas a 14.15 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día en acto público ás 12 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EEI FINGOI-nº2
Rúa Erin, 7 - 27002 Lugo
Tel: 982870460 Fax: 982870461
eei.numero2.fingoi@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/eeinumero2fingoi/

galicia

realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 4 de novembro de 2022

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: MARÍA J. GÓMEZ PALLÍN